EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 10ª

Como actividade para esta sección propóñense 7 textos breves para identificar e aplicar os conceptos estudados anteriormente. Despois de ler cada un atentamente, responde ás cuestión que se formulan a continuación:

1. "Na primeira metade do século V a. C. tivo lugar unha transformación nas ideas e institucións políticas vixentes entre gregos e romanos que, pola súa importancia histórica, é comparable á invención da roda ou ó descubrimento do Novo Mundo... Dito dun xeito máis simple, o que aconteceu foi que varias cidades-estados, que dende tempos inmemoriais tiñan sido gobernadas por diversas clases de líderes antidemocráticos (aristócratas, oligarcas, monarcas ou tiranos), convertéronse en sistemas nos que unha cantidade substancial de varóns adultos libres tiñan dereito a participar directamente, en calidade de cidadáns, no goberno. Esta experiencia e as ideas a elas asociadas, deron orixe á visión dun novo sistema político no que un pobo soberano, non só estaba habilitado para autogobernarse, senón que posuía tódolos recursos e institucións necesarios para facelo. Tal visión segue constituíndo o núcleo das modernas ideas democráticas e impregnando as institucións e prácticas democráticas. Sen embargo, as modernas ideas e institucións democráticas constan de moitos outros elementos, que desbordan esa visión simple; e como a teoría e as prácticas da democracia moderna non só son o legado do goberno popular das cidades-estado antigas, senón que derivan ademais doutras experiencias históricas, tanto evolucionarias como revolucionarias, conforman unha mestura non sempre coherente de elementos." (**R.A. Dahl**, *A democracia e os seus críticos*.)

   a) Cal é o *núcleo* das ideas democráticas, segundo o texto?

2. "O intento de adaptar o republicanismo democrático ós requirimentos das grandes sociedades esixía unha ampla transformación da tradición republicana. Como descubriron os republicanos democráticos do século XVIII, parte da resposta ó problema xerado polas grandes dimensións dos Estados modernos atoparíase nas institucións que ata o presente tiveran pouca cabida na teoría democrática: as institucións de representación política (...) Na práctica, a representación non foi un invento dos demócratas, senón o desenvolvemento dunha institución medieval de goberno monárquico e aristocrático (...) A causa principal da incorporación das institucións representativas á idea democrática é o desprazamento da sede da cidade-estado ó Estado nacional de grandes dimensións... Dese cambio transcendental na sede da democracia deriváronse importantes consecuencias, que colocan ó Estado moderno democrático en agudo contraste cos antigos ideais e prácticas dos gobernos democráticos." (**R.A. Dahl**, *A democracia e os seus críticos*.)

   a) Cal é a orixe das *institucións de representación política*, segundo o texto?

   b) Por que se impuxeron as institucións de representación política?

3. "O sufraxio universal e o dereito de asociación marcan o tránsito do Estado liberal ó Estado democrático (liberal democrático). Este supón a integración de dúas reivindicacións democráticas básicas: a participación de tódolos cidadáns (ao primeiro só varóns) no proceso de formación do goberno e a posibilidade organizativa dos individuos para a mellora das súas condicións materiais de vida (igualdade material)... No século XX, a partir da presión das organizacións políticas e sindicais das clases traballadoras, principais suxeitos des reivindicacións democráticas de igualdade de participación e de igualdade material (económica e social), recoñeceranse uns dereitos socio-económicos que permitan dispoñer á maioría da poboación dunhas mínimas condicións de vida que faciliten o exercicio práctico dos dereitos e liberdades persoais e políticos que lles están legalmente recoñecidos. Este é o punto de intersección entre as dimensións democrática e social... Non cabe dúbida de que estes dereitos sociais están máis vinculados á concepción democrática que á liberal." (**F. Requejo Coll**, *As democracias*.)

a) Como se democratiza o Estado liberal, segundo o autor?

b) Que aporta o socialismo á democracia, segundo o texto?

4. "A doutrina xeral de Bentham estaba penetrada de supostos burgueses. En primeiro lugar, temos os postulados xerais: que toda persoa actúa sempre no seu propio interese, para maximizar o seu propio pracer ou a súa utilidade, sen límites; e que isto entra en conflito cos intereses de tódolos demais. Entonces, a busca do máximo pracer redúcese á busca do máximo de bens materiais e/ou de poder sobre outros. Despois, expóñense postulados derivados da sociedade capitalista contemporánea de Bentham como se tiveran unha validez universal: que a gran masa dos homes non se elevará nunca por enriba do nivel da simple subsistencia; que para eles o medo á fame, e non a esperanza da recompensa, é o incentivo activo para o traballo; que, para os máis afortunados, a esperanza da recompensa é un incentivo suficiente para acadar un máximo de produtividade; que, para que esta esperanza serva de incentivo, ten que haber unha seguridade absoluta da propiedade. Por último, a seguridade da propiedade elévase ó nivel de principio supremo, que predomina absolutamente sobre o principio da igualdade. A razón pola que Bentham non advertiu a contradición que subxace ó seu postulado antihistórico, é que en realidade non lle interesaba máis que explicar a sociedade capitalista de mercado." (**C.B. Macpherson**, *A democracia liberal e a súa época,*)

a) Cal é a concepción do ser humano que subxace á teoría política de Bentham, segundo o texto?

b) Como reflicten os postulados da teoría política de Bentham a estrutura da sociedade capitalista da súa época?

5. "Tense dito que se se atopase un bo déspota, a monarquía despótica sería a mellor forma de goberno; pero eu considero isto como unha concepción radicalmente falsa e moi perniciosa (...) ¿Que clase de homes poden formarse

baixo parecido réxime? ¿Cal será o desenvolvemento das súas facultades intelectuais e activas? (...) Segundo as consideracións anteditas, é evidente que o único goberno que satisfai por completo tódalas esixencias do estado social é aquel no que ten participación o pobo enteiro; que toda participación, aínda nas máis humildes das funcións públicas é útil; que, polo tanto, debe procurarse que a participación en todo sexa tan grande como o permita o grao de cultura da comunidade... Pero, posto que en toda comunidade que exceda os límites dunha pequena poboación ninguén pode participar persoalmente senón dunha porción moi pequena dos asuntos públicos, o tipo ideal dun goberno perfecto é o goberno representativo." (**J. Stuart Mill**, *Do goberno representativo*.)

a) Por que rexeita Stuart Mill un réxime despótico aínda que o déspota fora bo?

6. "Os partidos e as maquinarias políticas son simplemente a resposta ó feito de que a masa electoral só é capaz de actuar de forma precipitada, e constitúen un intento de regular a competencia política de forma exactamente igual ás prácticas correspondentes a unha asociación de comercio (...) A democracia non significa, nin pode significar, que o pobo goberne realmente, sexa cal sexa o sentido de "pobo" e de "gobernar". Democracia significa que o pobo ten a oportunidade de aceptar ou rexeitar ás persoas que poden gobernalo... Isto pode expresarse dicindo que a democracia é o goberno dos políticos (...) Se queremos ser fieis ós feitos, debemos recoñecer que nas modernas democracias a política será inevitablemente unha carreira o que significa o recoñecemento dun interese profesional distintivo no home político individual e dun interese de grupo distintivo na profesión política. Hai que incorporar estes feitos á nosa teoría... En termos políticos, o home que non asimilou aínda as palabras dun dos mías grandes políticos da historia, non se enterou aínda de nada: "o que non entenden os homes de negocios é que, exactamente igual que eles comercian con petróleo, eu comercio con votos". (**J. Schumpeter**, *Capitalismo, socialismo e democracia*.)

a) Que termos e frases do texto reflicten o modelo económico capitalista que inspira a concepción da democracia de Schumpeter?

b) Como queda definido o papel dos electores e dos elixidos?

7. "En traballos recentes traza Habermas algunhas pinceladas do que podería ser un modelo de democracia inspirado na "Teoría do Discurso" (...) Habermas cree necesario distinguir dous aspectos na formación política da vontade: a formacións política da vontade "institucionalizada", que conduce a resolucións, e o contorno dos procesos informais de formación de opinión "non institucionalizada" que non está baixo a presión de ter que chegar a resolucións, e que consiste en discusións sobre valores, temas e achegas diversas, que quedan flotando libremente. A esperanza de resultados racionais descansa no xogo entre a formación política da vontade institucionalizada e as correntes de comunicación espontáneas. Iso require a potenciación de "asociacións libres" que canalicen a discusión sobre temas e valores de

relevancia para toda a sociedade e que inflúan nas decisións políticas "de modo indirecto". (**A. Cortina**, *Ética aplicada e democracia radical*.)

a) Que planos distingue Habermas na formación política da vontade democrática e como os caracteriza?

b) Cal é a relación e articulación entre eles, segundo o texto?

Respostas:

1. Que o pobo é soberano e está habilitado para autogobernarse por si mesmo dotándose de institucións para iso.

2. a) A orixe da idea da representación política está nos parlamentos estamentais medievais, pero neles o mandato era imperativo.

   b) Impuxéronse polo problema da enorme extensión dos Estados modernos, nos que é imposible a xuntanza asemblearia de todos os cidadáns.

3. a) Como consecuencia das reivindicacións democráticas básicas: o dereito á participación política de todos e o dereito de organización e asociación dos individuos.
   b) O recoñecemento de dereitos socio-económicos que dan contido ás liberdades puramente formais do liberalismo.

4. a) Un maximizador de utilidades privadas.

   b) 1- Que toda persoa actúa sempre no seu propio interese, 2- que isto leva ao conflito con outros interese alleos, 3- que a maioría da poboación non sairá nunca do nivel de subsistencia, e 4- que a idea de seguridade da propiedade privada está por enriba de todo o demais.

5. Porque a democracia non só é un réxime para a protección dos individuos e os seus intereses senón tamén unha forma de vida social enriquecedora.

6. a) “Regular competencia”, “unha carreira”, “interese profesional”, “... homes de negocios é que, exactamente igual que eles comercian con petróleo, eu comercio con votos”...

   b) Os electores poden aceptar ou rexeitar as ofertas dos políticos que actúan como empresarios no mercado.

7. a) 1- o plano institucionalizado, que toma decisións, e 2- o plano non institucionalizado, no que se discute dun xeito aberto e flexible.

   b) O segundo plano debe incidir sobre o primeiro dun xeito indirecto.